



## MEMORIA PROPOSTA PARA A DISPOSICIÓN DO GASTO DO CONVENIO DE BASES ENTRE A AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA (AGACAL) E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA A PROMOCIÓN DO VIÑO DO RIBEIRO DE CALIDADE DIFERENCIADA A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DA 59 EDICIÓN DA FEIRA DO VIÑO DO RIBEIRO, A CELEBRAR OS DÍAS 28, 29 E 30 DE ABRIL DE 2023 (ART. 26 LEI 9/2007, DE 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA)

### 1. ANTECEDENTES

A AGACAL é unha axencia pública autonómica, creada polo Decreto 52/2018, do 5 de abril, que se encadra dentro das entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA). En tanto que tal, está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión, nos termos establecidos na LOFAXGA. A norma de creación atribúelle, entre outras, a competencia na promoción e protección dos produtos galegos de calidade diferenciada.

O Concello de Ribadavia, capital da Comarca do Ribeiro, ten unha fonda vinculación histórica coa viticultura de calidade, que se manifesta regularmente coa celebración da tradicional Feira do Viño. A Denominación de Orixe Ribeiro, a primeira recoñecida en Galicia, atopa neste Concello a súa representación singular. A organización da Feira do Viño do Ribeiro (Concello de Ribadavia e CRDO Ribeiro) comunicou a celebración do evento os días 28,29 e 30 de abril de 2023, no seu formato habitual no recinto da Alameda de Ribadavia.

A AGACAL estima de interese público a reactivación dun evento promocional que cataliza a actividade económica e social da Comarca do Ribeiro e é coherente coas competencias estatutarias da Axencia en relación coa promoción dunha IXP de fonda tradición en Galicia.

### 2. OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións nas que se concederá unha axuda ao Concello de Ribadavia para contribuír á promoción do viño de Ribeiro de calidade diferenciada.

A actividade a subvencionar será a organización da 60 edición da Feira do Viño do Ribeiro, a celebrar os días 28, 29 e 30 de abril de 2023. Considéranse subvencionables as actividades realizadas ao fin que se pretende desde o 01/01/2023 ata o 08/05/2023, ambos incluídos.

### 3. CONTÍA E FINANCIAMENTO

A axuda importará un investimento mínimo de 10.000 €. A AGACAL financiará o 100 % do custe, ata o máximo de 10.000 €, con cargo á aplicación 14A2 713D 7600 proxecto 2011 00765.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O xerente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

Manuel Castro-Gil Amigo

